


8 Efectos das mareas negras

Todos perdemos algo cunha marea negra.

As mareas negras ocasionan grandes custos económicos derivados dos danos que causan ás distintas actividades (pesca, marisqueo, acuicultura, turismo...) ademais dos gastos que ocasionan a eliminación dos residuos e a recuperación ambiental. En xeral toda a imaxe dos sectores dependentes da costa e do mar queda alterada e a sociedade no seu conxunto sofre perdas no seu patrimonio natural.



Adela Leiro
Mon Daporta
(abril 203)



A morte de "Man" e a imaxe do seu museo de Camelle arrasado polo fuel, convertéronse nun símbolo da rabia e impotencia que xera unha marea negra na sociedade

Efectos sobre a costa

As manchas de hidrocarburos apéganse ás areas e rochas impedindo o seu uso e disfrute, tanto para realizar traballos de pesca ou marisqueo como para o lecer. A paisaxe queda alterada fisicamente e esteticamente para moitos anos.



VALORACIÓN DALGUNHAS MAREAS NEGRAS

"Exxon Valdéz" (Alaska, 1989): custou 3.000 millóns de euros entre indemnizacións aos afectados e gastos en tarefas de limpeza.

"Aegean Sea" (A Coruña, 1992): 139 millóns de euros

"Sea Empress" (Gales, 1996): 45 millóns de euros

"Erica" (Bretaña, 1999): 161 millóns de euros.

"Prestige" (Galicia, 2002): pode acadar os 10.000 millóns de euros.

Un buque anticontaminación pode ter un custo de máis de 1000 euros por hora.



O 40% dos empregos da Costa da Morte dependen do sector pesqueiro. Nalgúns casos, como Fisterra, ata un 50%.

Efectos sobre o traballo

Paralízanse as actividades de pesca, marisqueo, acuicultura, lecer... que se desenvolven na zona afectada co conseguinte custo económico e social para as persoas que as desenvolven. A diminución das especies, a perda das súas boas cualidades para o consumo e o risco que poden provocar na saúde dos consumidores obrigan ao peche das áreas de pesca e marisqueo.



Efectos sobre a economía

A paralización ou diminución das actividades pesqueiras producida por unha marea negra pode afectar a máis de 50 actividades económicas:

- *Pesca, marisqueo, servizos de lonxas, confrarías, comercializadores, transportistas, estibadores...
- *Subministradores de xeo, sal, embalaxes, redes e aparellos, ferramentas, combustibles...
- *Construción, reparación e mantemento de embarcacións, subministros de materiais, alimentos...
- *Empresas de acuicultura e os seus subministradores.
- *Empresas de conxelado, cocedeiros, conservas, farináas e pensos e os seus subministradores.
- *Sector hosteleiro e turístico e comercio local en xeral.



IMPORTANCIA DO SECTOR PESQUEIRO EN GALICIA

O sector pesqueiro galego move 3.606 millóns de euros en actividades extractivas, industria transformadora e servizos auxiliares e dá emprego en total a unhas 115.000 persoas



Galicia ten unha flota de 8.400 barcos e 28.000 marineiros.



A acuicultura é unha actividade fundamental, en especial nas Rías Baixas. En total dá emprego a unhas 13.500 persoas.

Hai 900 empresas relacionadas coa pesca e o marisqueo que representan o 7% do total.

